



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 1

Sesión plenaria
18 de marzo de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Constitución da Mesa de Idade

Elección da Mesa do Parlamento

Constitución da Mesa do Parlamento

Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia



SUMARIO

Constitución da Mesa de Idade

O señor letrado oficial maior comunícalle á Cámara quen son as deputadas e os deputados electos de maior e menor idade para a constitución da Mesa de Idade. A don José Manuel Mato Díaz, como deputado de maior idade, correspóndelle presidir esta Mesa, asistido por don Raúl Santamaría González e don Iago Suárez Fernández, os de menor idade, en calidade de secretarios. (Páx. 6.)

O letrado oficial maior rógalles que ocupen os seus postos na mesa presidencial co fin de constituír a Mesa de Idade. (Páx. 6.)

(Os señores Mato Díaz, Suárez Fernández e Santamaría González ocupan os seus postos na mesa presidencial.)

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) declara aberta a sesión e rógalle ao señor secretario (Santamaría González) que dea lectura aos artigos 1 a 5 do Decreto de convocatoria de eleccións, ao acordo da Xunta Electoral polo que se fan públicos os resultados electorais por circunscricións e á relación de deputadas e deputados electos, así como á comunicación de recursos contencioso-electorais interpostos, no caso de que os houber. (Páx. 6.)

O señor secretario (Santamaría González) le o Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, o número de deputadas e deputados correspondente a cada circunscrición e mais a relación de deputadas e de deputados electos e informa de que non se presentaron recursos contencioso-electorais. (Páx. 7.)

Elección da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) anuncia que serán tres as votacións que se efectuarán para a elección dos membros da Mesa e que se farán mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados, e explica o procedemento que se vai seguir para a elección. (Páx. 9.)

Elección de presidenta ou presidente

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) rógalle ao señor secretario (Santamaría González) que efectúe o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 9.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Santamaría González) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 10.)



Votación: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 40 votos; don Armando Ojea, 1 voto; en branco, 34 votos. (Páx. 10.)

En consecuencia, queda proclamado presidente, cos votos requiridos da maioría absoluta, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 10.)

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) rógalle ao señor secretario (Santamaría González) que efectúe o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 10.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Santamaría González) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 10.)

Votación: dona Elena Candia López, 40 votos; dona Montserrat Prado Cores, 34 votos e don Armando Ojea Bouzo, 1 voto. (Páx. 10.)

En consecuencia, queda proclamada vicepresidenta primeira dona Elena Candia López e vicepresidenta segunda, dona Montserrat Prado Cores. (Páx. 10.)

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) rógalle ao señor secretario (Santamaría González) que efectúe o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 10.)

O señor secretario da Mesa de Idade (Santamaría González) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 11.)

Votación: dona Ethel María Vázquez Mourelle, 40 votos; dona Patricia Iglesias Rey, 34 votos; don Armando Ojea Bouzo, 1 voto. (Páx. 11.)

En consecuencia, queda proclamada secretaria dona Ethel María Vázquez Mourelle e vicesecretaria, dona Patricia Iglesias Rey. (Páx. 11.)

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (Mato Díaz) anuncia que, como consecuencia dos resultados das distintas votacións, a composición da Mesa do Parlamento de Galicia é a seguinte: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidenta primeira, dona Elena Candia López; vicepresidenta segunda, dona Montserrat Prado Cores; secretaria, dona Ethel María Vázquez Mourelle; e vicesecretaria, dona Patricia Iglesias Rey, e rógalles ás señoras e señores deputados elixidos que ocupen os seus postos na Presidencia. (Páx. 11.)

(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos na Presidencia.)



Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

En primeiro lugar, en cumprimento do artigo 5 do Regulamento do Parlamento, o señor presidente da Mesa, don Miguel Ángel Santalices Vieira, fai o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. A seguir, os restantes membros da Mesa tamén fan o seu xuramento ou promesa. (Páx. 12.) E, por último, a señora secretaria (Vázquez Mourelle) procede ao chamamento para que o fagan os demais deputados e deputadas. (Páx. 11.)

O señor presidente (Santalices Vieira) pronuncia unhas palabras de agradecemento nesta súa oitava lexislatura, saúda a todas as persoas presentes nesta sesión e declara constituída a XII lexislatura do Parlamento de Galicia. (Páx. 16.)

As señoras deputadas e os señores deputados, así como os demais asistentes á sesión, postos en pé, cantan o himno galego. (Páx. 18.)

Remata a sesión ás doce e vinte e seis minutos do mediodía.



O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Señorías, rógolles que ocupen os seus escanos.

Constitución da Mesa de Idade

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados e deputadas proclamados electos, a composición da Mesa de Idade é a seguinte: José Manuel Mato Díaz, Iago Suárez Fernández e Raúl Santamaría González. Rógolles que comparezan na Presidencia co fin de constituír a Mesa de Idade.

(Os señores Mato Díaz, Suárez Fernández e Santamaría González ocupan os seus postos na mesa presidencial.)

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Ábrese a sesión.

Señoras deputadas, señores deputados, compañeiros, é para min unha honra presidir, aínda que sexa de xeito tan breve, esta cámara, onde conflúen as representacións directas de todos os galegos, onde se marca o rumbo que legal e politicamente imos seguir os habitantes deste país nos próximos catro anos. Este meu honroso papel, fugaz e marcado polo Regulamento da Cámara, é unha circunstancia só causada pola cronoloxía e os hábitos parlamentarios, pero para min é un fito na miña historia persoal e política. Presidir a Mesa da Cámara por ser o deputado de maior idade, xunto cos deputados máis novos, os compañeiros Raúl Santamaría e Iago Suárez, é entrar nunha nova etapa política á que hoxe accedo coa honra que esta elevada representación me produce, coa responsabilidade dun cometido transcendental e coa satisfacción inmensa de entrar vindo do mundo da política local, con case medio século de dedicación, unha dimensión diferente, na que agardo seguir sendo útil ao meu país e á miña xente.

Neste momento emotivo e pleno de responsabilidade permítanme lembrar e agradecer ao Partido Popular de Lugo a confianza en min depositada para representalo nesta nobre institución; aos meus veciños de Paradela, pola súa amizade e pola vida en común, defendendo aquel especial recuncho da nosa Terra; a todos os galegos, polo ser, polo estar, polo sentidiño e pola confianza no futuro.

E, para rematar, sinto a necesidade imperiosa, como municipalista convencido, de aproveitar este momento tan especial para subliñar o labor que se fai nos concellos galegos, especialmente nos pequenos concellos do rural, onde alcaldesas e alcaldes, concelleiros e concelleiras, viven a pé de obra e traballan para solucionar os problemas do día a día como unha administración de compañía, mesmo ao carón dos veciños.

Señoras deputadas, señores deputados, damos comezo a seguir, efectivamente xa, á sesión constitutiva. E rógolle ao secretario, Raúl Santamaría González, que lle dea lectura ao Decreto de convocatoria de eleccións e á relación de deputados e deputadas electos, así como á



comunicación sobre os recursos contencioso–electorais interpostos, se é o caso, con indicación dos deputados electos que puidesen quedar afectados pola resolución deles.

O señor SECRETARIO DA MESA DE IDADE (Santamaría González): «Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións. Disposicións xerais. Presidencia da Xunta de Galicia

De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia; na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de decembro de 2023,

DISPOÑO:

Artigo 1. Queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día 12 de xullo de 2020.

Artigo 2. Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o 18 de febreiro de 2024.

Artigo 3. En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e cinco.

Lugo: catorce.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.

Artigo 4. A campaña electoral durará quince días. Comezará ás cero horas do día 2 de febreiro de 2024 e finalizará ás vinte e catro horas do día 16 de febreiro de 2024.

Artigo 5. Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirse para a súa sesión constitutiva o día 18 de marzo de 2024, ás 11 horas.

Artigo 6. As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e a normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira. Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de decembro de 2023»



Relación de deputados e deputadas proclamados electos. Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 4 de marzo de 2024.

Provincia da Coruña:

Polo Partido Popular: Diego Calvo Pouso, Paula Prado del Río, María Ángeles Vázquez Mejuto, Martina Aneiros Barros, Borja Vereza Fraiz, Ethel María Vázquez Mourelle, Fabiola García Martínez, Miguel Corgos López-Prado, María Jesús Lorenzana Somoza, Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo e Rubén Lorenzo Gómez.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Ana Belén Pontón Mondelo, Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández, Ramón Tomás Fernández Alfonzo, José Daniel Pérez López, Iria Carreira Pazos, Óscar Insua Lema, Iria Taibo Corsanego e José Manuel Golpe Acuña.

Polo Partido Socialista de Galicia: Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro.

Provincia de Lugo:

Polo Partido Popular: María Elena Candia López, Javier Arias Fouz, Alfonso Villares Bermúdez, Cristina Sanz Arias, José Manuel Mato Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol e Enrique Barreiro Sánchez.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García, Monserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: José Ramón Gómez Besteiro e Lara Méndez López.

Provincia de Ourense:

Polo Partido Popular: Elena Rivo López, María Victoria Núñez López, José González Vázquez, Miguel Ángel Santalices Vieira, Gabriel Alén Castro, Noelia Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda e María Sol Díaz Mouteira.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Por Democracia Ourenzana: Armando Ojea Bouzo.

Provincia de Pontevedra:

Polo Partido Popular: Alfonso Rueda Valenzuela, Patricia García González, María Martínez Allegue, Román Rodríguez González, Julio García Comesaña, José Alberto Pazos Couñago,



Raúl Santamaría González, Marta Mariño Regueiro, María Dolores Ermelo Piñeiro, María Deza Martínez e Silvestre José Balseiro Guinarte.

Polo Bloque Nacionalista Galego: Xosé Luís Bará Torres, María Monserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé, Carmela González Iglesias, María Cristina Fernández Davila, Brais Ruanova Vilas-Boas e Ariadna Fernández González.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font e Paloma Castro Rey.

Informes sobre a presentación, se é o caso, de recursos contencioso-electorais interpostos.

Infórmase, ao abeiro da lexislación electoral vixente, que ata o día de hoxe non consta a presentación de recursos contencioso-electorais.

Elección da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Señoras deputadas, señores deputados, imos proceder á elección da Mesa do Parlamento, en votacións separadas, para o presidente ou presidenta, os vicepresidentes ou vicepresidentas, o secretario ou secretaria e o vicesecretario ou vicesecretaria.

A elección efectuarase conforme o previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados polo secretario da Mesa de Idade, don Raúl Santamaría González.

Os servizos da Cámara procederon con anterioridade á repartición das papeletas, de diferente cor para cada cal: branca para a Presidencia, verde para as vicepresidencias e amarela para a Secretaría e Vicesecretaría.

A expresión do voto efectuarase consignando no recadro correspondente de cada papeleta un só nome. Considerarase voto en branco aquela papeleta na que non conste ningún nome. Considerarase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algún risco ou sinal.

Elección de presidenta ou presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Procedemos á elección do presidente ou presidenta.

Prégolle ao señor secretario, don Raúl Santamaría González, que efectúe o chamamento correspondente, para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor branca.

Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultará elixido ou elixida o deputado ou a deputada que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara.



Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Santamaría González, efectúa o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Efectuado o escrutinio, o resultado da votación é o seguinte:

Total de votos emitidos, 75; don Miguel Ángel Santalices Vieira, 40 votos; don Armando Ojea, 1; en branco, 34; votos nulos, 0. Don Miguel Ángel Santalices Vieira obtivo a maioría absoluta; por conseguinte, proclámase presidente do Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Procedemos á elección simultánea das vicepresidentas ou dos vicepresidentes, segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento.

Prégolle ao señor secretario que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor verde. Lémbrolles que se escribirá só un nome na papeleta e que resultarán elixidos ou elixidas, por orde sucesiva, os deputados ou deputadas que obteñan maior número de votos.

Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Santamaría González, efectúa o chamamento, por orde alfabética, das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

Efectuado o escrutinio, o resultado da votación é o seguinte:

Dona Elena Candia López, 40 votos; dona Monserrat Prado Cores, 34 votos; don Armando Ojea Bouzo, 1 voto.

Polo tanto, proclámase vicepresidenta primeira a dona Elena Candia López e vicepresidenta segunda a dona Monserrat Prado Cores. *(Aplausos.)*

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Procedemos á elección simultánea de secretario ou secretaria e de vicesecretario ou vicesecretaria, segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento.

Prégolle ao señor secretario que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor amarela. Lémbrolles que se



escribirá só un nome na papeleta e que resultarán elixidos ou elixidas por orde sucesiva os deputados ou as deputadas que obteñan maior número de votos.

Comeza a votación.

(O señor secretario da Mesa de Idade, Santamaría González, efectúa o chamamento, por orde alfabética, das señoras deputadas e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna colocada para o efecto no centro do hemiciclo.)

(Procédese ao escrutinio dos votos.) (Pausa.)

Efectuado o escrutinio, o resultado da votación é o seguinte:

Dona Ethel María Vázquez Mourelle, 40 votos; dona Patricia Iglesias Rey, 34 votos; don Armando Ojea Bouzo, 1 voto.

Polo tanto, resultan elixidas e proclámanse a dona Ethel María Vázquez Mourelle como secretaria e vicesecretaria a dona Patricia Iglesias Rey. *(Aplausos.)*

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (Mato Díaz): Como consecuencia da elección anterior, a Mesa do Parlamento queda constituída do seguinte xeito: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidenta primeira, dona Elena Candia López; vicepresidenta segunda, dona Monserrat Prado Cores; secretaria, dona Ethel María Vázquez Mourelle, e vicesecretaria, dona Patricia Iglesias Rey.

Prégolles ás señoras deputadas e aos señores deputados elixidos que tomen posesión dos seus cargos.

(Pausa.)

(As señoras e os señores membros da Mesa do Parlamento ocupan cadanseu posto na Presidencia.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Bos días.

Corresponde agora, señorías, dar cumprimento ao previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara. Polo cal, procederemos a prestar xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia. En primeiro lugar, farao esta presidencia e deseguido solicitareilles o cumprimento do dito artigo aos membros da Mesa e aos demais membros da Cámara. Segundo o procedemento, a fórmula de contestar é «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta que lles fará esta presidencia.



Pómonos de pé, por favor, se non lles importa. (*Os membros da Mesa do Parlamento pónense en pé e permanecen nesta postura durante o xuramento ou a promesa das señorías da Cámara.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Corresponde, en primeiro lugar, que xure ou prometa o presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, ante o pobo de Galicia representado aquí polo seu Parlamento, xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

Moitas grazas.

Procedo agora a solicitar a prestación de xuramento ou promesa aos membros da Mesa.

En primeiro lugar, a señora vicepresidenta primeira, dona Elena Candia López, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICEPRESIDENTA PRIMEIRA (Candia López): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Señora vicepresidenta segunda, dona Monserrat Prado Cores, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): Si, prometo. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Señora Ethel María Vázquez Mourelle, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

E señora vicesecretaria, dona Patricia Iglesias Rey, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICESECRETARIA (Iglesias Rey): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Rematado xa o xuramento e a promesa dos membros da Mesa, procede agora que o fagan os demais membros da Cámara. Deseguido a secretaria, dona Ethel María Vázquez Mourelle, fará o chamamento das señoras e dos señores deputados para que dende o propio escano contesten á pregunta que lles formula a Presidencia, que será: «Señoras deputadas e señores



deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?».».

Cando queira, señora secretaria, empece.

A señora SECRETARIA (Vázquez Mourelle): Si.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso: Si, prometo.

Don Gabriel Alén Castro: Si, xuro.

Dona Martina Aneiros Barros: Si, xuro.

Don Javier Arias Fouz: Si, xuro.

Dona Raquel Arias Rodríguez: Si, xuro.

Don José Manuel Balseiro Orol: Si, prometo.

Don Silvestre José Balseiros Guinarte: Si, xuro.

Don Xosé Luís Bará Torres: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Enrique Barreiro Sánchez: Si, xuro.

Don Diego Calvo Pouso: Si, prometo.

Dona Iria Carreira Pazos: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Daniel Castro García: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Paloma Castro Rey: Si, prometo.

Don Miguel Corgos López-Prado: Si, xuro.

Dona María Deza Martínez: Si, xuro.

Dona María Sol Díaz Mouteira: Si, xuro.

Dona María Elena Espinosa Mangana: Si, prometo.

Don Ramón Tomás Fernández Alfonso: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.



Dona María Cristina Fernández Davila: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Secundino Fernández Fernández: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Alexandra Fernández Gómez: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Ariadna Fernández González: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Julio García Comesaña: Si, prometo.

Dona Patricia García González: Si, xuro.

Dona Fabiola García Martínez: Si, xuro.

Don José Manuel Golpe Acuña: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don José Ramón Gómez Besteiro: Si, prometo.

Dona Carmela González Iglesias: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don José González Vázquez: Si, xuro.

Dona María Dolores Hermelo Piñeiro: Si, xuro.

Don Óscar Insua Lema: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Silvia Longueira Castro: Si, prometo.

Don Carlos López Font: Si, prometo.

Dona María Jesús Lorenzana Somoza: Si, xuro.

Don Rubén Lorenzo Gómez: Si, xuro.

Dona Marta Mariño Regueiro: Si, xuro.

Dona María Martínez Allegue: Si, xuro.

Don José Manuel Mato Díaz: Si, xuro.



Dona Lara Méndez López: Si, prometo.

Dona María Victoria Núñez López: Si, xuro.

Don Armando Ojea Bouzo: Si, prometo.

Don José Alberto Pazos Couñago: Si, xuro.

Dona Rosa Pérez Fernández: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don José Daniel Pérez López: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Noelia Pérez López: Si, xuro.

Dona Carmen María Pomar Tojo; Si, xuro.

Dona Ana Belén Pontón Mondelo: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Paula Prado del Río: Si, xuro.

Dona Noa Olalla Presas Bergantiños: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Mercedes Queixas Zas: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Paulo Ríos Santomé: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Elena Rivo López: Si, xuro.

Dona Olalla Rodil Fernández: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona María del Carmen Rodríguez Dacosta: Si, prometo.

Don Román Rodríguez González: Si, xuro.

Don Roberto Rodríguez Martínez: Si, prometo.

Don Antonio Rodríguez Miranda: Si, xuro.

Don Brais Ruanova Vilas-Boas: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.



Don Alfonso Rueda Valenzuela: Si, xuro.

Don Raúl Santamaría González: Si, prometo.

Dona Cristina Sanz Arias: Si, prometo.

Don Iago Suárez Fernández: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro: Por imperativo legal, si, prometo. E comprométome a defender os intereses e dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona Iria Taibo Corsanego: Si, por imperativo legal prometo. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Gonzalo Trenor López: Si, prometo.

Dona Monserrat Valcárcel Armesto: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Dona María Ángeles Vázquez Mejuto: Si, xuro.

Don Borja Vereá Fraiz: Si, prometo.

Dona Sonia Vidal Lamas: Si, prometo por imperativo legal. E comprométome a defender os dereitos nacionais e sociais do pobo galego.

Don Alfonso Villares Bermúdez: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas, secretaria.

Podémonos sentar un segundo.

Rematado xa o proceso de xuramento e antes de declarar iniciada esta lexislatura, permítanme unhas breves palabras, que é xa case o tradicional nestas tomas de posesión.

Primeiro, un saúdo a todos os que nos acompañan hoxe na tribuna, ás autoridades, aos familiares dos deputados e deputadas e aos nosos amigos que hoxe tamén están aquí connosco.

Vou ser breve, tranquilos que non vai ser unha intervención moi longa.

Na última toma de posesión, eu dixera como presidente que ninguén lle quería ao Parlamento máis ca min, hoxe reafírmome aínda máis. Eu considero xa o Parlamento a miña segunda casa. Esta é a miña oitava lexislatura e, polo tanto, reafírmome naquilo que dixen na miña primeira toma de posesión: o meu cariño cara a esta institución.



Tamén comentaba —e permítanme esta licenza, pois hoxe é un día especial para min— o desgusto que levara meu pai cando eu entrei en política. Algo lle pasou tamén ao presidente —lino—. E meu pai cando entrei en política díxome: «Vas arruinar unha carreira interesante que tes de xestión sanitaria. Pero o máis importante é que ti tes moitos defectos, e eu perdóochos porque son teu pai; pero a partir de agora que saibas que todos os defectos que tes vanchos airear, vanchos facer públicos».

Non se equivocou, é algo que todos deberíamos de reflexionar sobre esta cuestión que meu pai me transmitiu a min, pero que perfectamente podíamos asumir todos os que estamos neste hemiciclo. A ver se somos capaces de non darlle a razón a meu pai. E enterramos definitivamente iso que tanto dano nos fai ás veces a nós mesmos. Era, por tanto, unha reflexión certa, pero a ver se somos quen de enterrala.

Esta é quizais —quizais, non, seguro— a miña última toma de posesión e teño que facer agradecementos.

O primeiro ao meu grupo, personalízoo no presidente, polo seu apoio e por confiar en min. Tamén, cando digo o meu grupo, inclúo os traballadores do grupo, aos que coñezo desde hai moitos anos e aos que lles teño un agradecemento especial.

Tamén un agradecemento ás persoas que ao longo de todo este percorrido político meu confiaron en min. Están aquí varias delas. E iso agradézollelo dun xeito persoal.

Tamén aos anteriores presidentes e presidentas do Parlamento. Deles aprendín moito e quero hoxe ter un agradecemento para eles.

E quero ter presente neste día, que para min é moi importante, primeiro, os traballadores e traballadoras do Parlamento. Coñézoos a todos. Son uns traballadores exemplares, coas súas cousas, como teñen todos os traballadores no ámbito público e incluso no privado. Pero eles teñen unha misión, e cúmprena, que é facer ben o seu traballo para que os deputados e as deputadas fagamos magnificamente o noso traballo tamén. Eu valóroos e hoxe quero ter para eles esta consideración.

Tamén para os traballadores sanitarios. Non podemos esquecernos de que a anterior lexislatura estivo a cabalo da covid nunha pandemia. Sei o esforzo que fixeron. Compañeiros meus están hoxe aquí acompañándome, e a eles tamén quero telos presentes nesta toma de posesión.

Tamén aos traballadores do ámbito social, aos que coñezo moito e aos que agradezo o seu traballo. Sen eles estaren volcados no que é a atención posiblemente os servizos públicos non chegarían a estar aí. E ademais aquí un recordo especial —permítanmo— para os que traballan no ámbito da saúde mental. Moitos dos deputados e das deputadas que están aquí saben que esa é unha das miñas debilidades, e quero ter para eles hoxe tamén un recordo.

Para as compañeiras da anterior mesa, dúas están hoxe aquí comigo. Discutimos moito, é certo, porque hai que discutir cando as cousas teñen... Pero valoro a súa lealdade, valoro o



traballo e, sobre todo, valoro que actuásemos como un vestiario unido —permítanme o símil futbolístico—. E, nese sentido, eu agradézollelo, e moito.

Tamén aos portavoces. Quero ter un recordo para Pedro Puy, para Alberto Pazos, que hoxe tamén é portavoz, para Ana Pontón, para Gonzalo Caballero e tamén para Luis Álvarez, a quen lle desexo unha pronta recuperación. Hoxe quería dicilo aquí tamén.

Tamén para o persoal do meu gabinete. Traballan e seguirán traballando moito porque o Parlamento así o require.

Á miña familia, hoxe aquí representada pola miña dona, á que lle agradezo sempre a súa xenerosidade e o seu apoio. Non hai mellor que a palabra «xenerosidade», que engloba todo. Grazas.

E remato cun desexo para todos os deputados e para todas as deputadas: ¡oxalá esteamos á altura da confianza que a xente depositou en nós co seu voto! ¡Oxalá o poidamos facer! Iníciase unha lexislatura e, polo tanto, eu pídolles que colaborem todos.

E se hoxe como é o meu día —permítanmo así— e houbera un *duende* no ambiente e eu puidera pedir un desexo e que se cumprise, teño claro que desexo ía pedir; é clarísimo e creo que todos estaremos de acordo: a paz mundial. Acabemos coas guerras se pode ser. As guerras só traen sufrimento e descalabro. Polo tanto, iso gustaríame que se puidera cumprir.

E nada máis. Xa falaremos máis adiante de como van ir as cousas e do inicio da lexislatura.

Moitas grazas unha vez máis a todos vostedes. (*Aplausos unánimes.*)

E agora si, en cumprimento do artigo 5 do Regulamento, declaro constituído o Parlamento de Galicia na súa duodécima lexislatura.

Invito a todas as señorías e a todas as persoas que hoxe nos acompañan a que en pé escoitemos o himno galego.

Moitas grazas.

(*As señoras deputadas e os señores deputados e as demais persoas asistentes á sesión, postos en pé, cantan o himno galego.*) (*Aplausos unánimes.*)


Remata a sesión ás doce e vinte e seis minutos do mediodía.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Martínez Allegue, María	P
2. Alén Castro, Gabriel	P	40. Mato Díaz, José Manuel	P
3. Aneiros Barros, Martina	P	41. Méndez López, Lara	S
4. Arias Fouz, Javier	P	42. Núñez López, María Victoria	P
5. Arias Rodríguez, Raquel	P	43. Ojea Bouzo, Armando	DO
6. Balseiro Orol, José Manuel	P	44. Pazos Couñago, José Alberto	P
7. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P	45. Pérez Fernández, Rosana	BNG
8. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	46. Pérez López, José Daniel	BNG
9. Barreiro Sánchez, Enrique	P	47. Pérez López, Noelia	P
10. Calvo Pouso, Diego	P	48. Pomar Tojo, Carmen María	P
11. Candia López, María Elena	P	49. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
12. Carreira Pazos, Iria	BNG	50. Prado Cores, María Montserrat	BNG
13. Castro García, Daniel	BNG	51. Prado del Río, Paula	P
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
15. Corgos López-Prado, Miguel	P	53. Queixas Zas, Mercedes	BNG
16. Deza Martínez, María	P	54. Ríos Santomé, Paulo	BNG
17. Díaz Mouteira, María Sol	P	55. Rivo López, Elena	P
18. Espinosa Mangana, María Elena	S	56. Rodil Fernández, Olalla	BNG
19. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	57. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
20. Fernández Davila, María Cristina	BNG	58. Rodríguez González, Román	P
21. Fernández Fernández, Secundino	BNG	59. Rodríguez Martínez, Roberto	P
22. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	60. Rodríguez Miranda, Antonio	P
23. Fernández González, Ariadna	BNG	61. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
25. García González, Patricia	P	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
26. García Martínez, Fabiola	P	64. Santamaría González, Raúl	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Sanz Arias, Cristina	P
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Suárez Fernández, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
30. González Vázquez, José	P	68. Taibo Corsanego, Iria	BNG
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Trenor López, Gonzalo	
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
36. Lorenzana Somoza, María Jesús	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Lorenzo Gómez, Rubén	P	75. Villares Bermúdez, Alfonso	P
38. Mariño Regueiro, Marta	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

